Pozo Allen 5275 Mimosa	Canyon-Breeze Allen ET Casa Pozo (Lugo - Lugo)

Sección 22: Vaca Adulta Campiona de Galicia "Fefriga '10"

Xercas Cav Djalma Stormatic	Comestar Stormatic ET Cavadas (Xermade - Lugo)
Cid Outside Mirta	Comestar Outside ET Gandeiria Cid (Barreiros - Lugo)

Sección 23: Vaca Gran Campiona de Galicia "Fefriga '10"

Gran Campiona	Cando Fania September	Pursuit September Storm ET Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)
Reserva Gran Campiona	Pozo Allen 5275 Mimosa	Canyon-Breeze Allen Et Casa Pozo (Lugo - Lugo)
Mención de Honra	Rey 434 Natacha Goldwyn	Braedale Goldwyn Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)

Sección 28: Mellor Criador de Galicia "Fefriga '10"

1º Casa Pozo (Lugo - Lugo)	2º Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)
----------------------------	---



Cando Fania September. Vaca Gran Campiona de Galicia Fefriga '10

XXX

Concurso Internacional Frisón GandAgro 2010



Sección 1: Terneras de 4 a 7 meses

Badiola Damion Koketa	Erbacres Damion Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
Argomota Goldwyn Heleka	Braedale Goldwyn La Argomota (Gijón - Asturias)
Cid Spirte Iferda	Cedarwal Spirte Gandeiría Cid (Barreiros - Lugo)
Bos San Rian Giannina Shot. ET	Picston Shottle ET Gandeiría San Rian (Brion - A Coruña)
Casa-Nova Dulce Laramée 740	Pine-Shelter Laramée Mor ET Casa Nova (Mesía - A Coruña)

Sección 2: Terneras de 8 a 10 meses

Llera Adeen Gotelin	Llera Goldwyn Gotelin ET Llera Her (Cavedes - Cantabria)
Callobro Xacobeo Valdeteja Gz	Mario Xacobeo ET Casa Callobro (Trabada - Lugo)
Blanco Holstein Anita Ana ET	Picston Shottle ET Blanco (Lalín - Pontevedra)
Pozosaa Goldwyn 6821 Rula	Braedale Goldwyn Casa Pozo (Lugo - Lugo)
Manteiga Goldwyn Valentine	Braedale Goldwyn Ganadería Manteiga S.C. (Vila de Cruces - Pontevedra)

Sección 3: Terneras de 11 a 13 meses

Argomota Jasper Hello	Wilcoxview Jasper ET La Argomota (Gijón - Asturias)
Llera Lou Atomica	Jenny-Lou Marshall P149 Llera Her (Cavedes - Cantabria)
Planillo Jasper Sarih	Wilcoxview Jasper ET Planillo & C. Prat & Triple A Holstein (Cascante - Navarra)
Badiola Duplex Lena	Mesland Duplex ET Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
Reto Paarai Proof	Windy-Knoll-View Proof ET Reto (Escobedo de Villafufre - Cantabria)

Sección 4: Terneras de 14 a 16 meses

Pozosaa Jasper 9888 Erma	Wilcoxview Jasper ET Casa Pozo (Lugo - Lugo)
Flora Jasper Alicia	Wilcoxview Jasper ET Flora (Valdes - Asturias)
Bos Blanco Deisy Christy ET	Regancrest Dolman ET Blanco (Lalín - Pontevedra)
Sandamil M.S. Megamagic Melani	Badiola Megamagic Sandamil (Castro de Rei - Lugo)
Llera Baxter Bliss	Emerald-Acr-Sa T-Baxter Llera Her (Cavedes - Cantabria)



Sección 5: Novillas de 17 a 19 meses

Llera Goldwyn Alanis ET	Braedale Goldwyn Llera Her (Caviades - Cantabria)
Pozosaa Lheros Mikaela	Comestar Lheros ET Casa Pozo (Lugo - Lugo)
Flora Rubens Silke	Stbvq Rubens ET Flora (Valdes - Asturias)
Rey 470 Blanquita Dolman	Regancrest Dolman ET Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)
Badiola Jasper Edita	Wilcoxview Jasper ET Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)



Sección 6: Novillas de 20 a 22 meses

Capón-Holstein Goldwyn Carol	Braedale Goldwyn Casa Capón (Chantada - Lugo)
Novelle September Nepal	Pursuit September Storm ET Ganadería Novelle (Paradela - Lugo)
Badiola Talent Bruna	Ladino Park Talent Imp Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
Pataro Goldwyn Gema	Braedale Goldwyn Casa Pataro (Salas - Asturias)
Fontestriz Chamoso Chamosa	Bos James Chamoso ET Fontestriz (Chantada - Lugo)



Sección 7: Novillas de 23 a 26 meses

Planillo Goldwyn Sarica	Braedale Goldwyn Planillo & C. Prat & Triple A Holstein (Cascante - Navarra)
Reto Debby Darlin Roy ET	Roylane Jordan ET Reto (Escobedo de Villafufre - Cantabria)
Novelle September Rebecca	Pursuit September Storm ET Ganadería Novelle (Paradela - Lugo)
Capón-Holstein Final Viky	Gillette Final Cut ET Casa Capón (Chantada - Lugo)
Badiola Rubens Rosana	Stbvq Rubens ET Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)



Sección 14: Vaca Joven Lactación ata 30 meses

Badiola Roy Laury <i>Mejor ubre</i>	Roylane Jordan ET Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
La Flor Rubens Eva	Stbvq Rubens ET La Flor (San Roman de Cayon - Cantabria)
Blancoh. Duplex Megatina ET	Mesland Duplex ET Blanco (Lalín - Pontevedra)
Rey 454 Rosita Goldwyn	Braedale Goldwyn Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)
Gaigo Buckeye Marchosa	R-E-W Buckeye ET Gaigo (Meira - Lugo)



Sección 15: Vaca Joven Lactación de 30 a 36 meses

Llera Ariel Goldwyn ET <i>Mejor ubre</i>	Braedale Goldwyn Ocejo & Llera Her (Caviades - Cantabria)
Badiola Goldwyn Megatea	Braedale Goldwyn Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
Rey 434 Natacha Goldwyn	Braedale Goldwyn Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)
Casa-Nova Vanesita Lou 607	Jenny-Lou Marshall P149 Casa Nova (Mesía - A Coruña)
Cid Final Cut Frita	Gillette Final Cut ET Gandeiria Cid (Barreiros - Lugo)



Sección 16: Vaca Intermedia en Lactación 3 Años

Travesía Spirte Marisel

Mejor ubre

Badiola Goldwyn Megara ET

Mono Venturo Shottle Roxet ET

Badiola Roy Megan ET

Cruce Goldwyn Juana

Cedarwal Spirte

La Ponderosa (Puente San Miguel - Cantabria)

Braedale Goldwyn

Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)

Picston Shottle ET

Casa Venturo (Salas - Asturias)

Roylane Jordan ET

Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)

Braedale Goldwyn

La Argomota & El Cruce (Gijón - Asturias)

Sección 17: Vaca Intermedia en Lactación 4 Años

Badiola Goldwyn Shangay

Mejor ubre

Cando Fania September

Pozo Allen 5275 Mimosa

Badiola Champion Sofia

Lina Goldwyn Renata

Braedale Goldwyn

Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)

Pursuit September Storm ET

Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)

Canyon-Breeze Allen ET

Casa Pozo (Lugo - Lugo)

Calbrett-I H H Champion ET

Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)

Braedale Goldwyn

Lina (Trabada - Lugo)

Sección 18: Vaca Adulta Lactación de 5 Años

Pebi Venel 8402

Mejor ubre

Illermilk 392 Aerocerf 717

Farrin Lheros Chamartin

Badiola Stormatic Tunia

Xercas Cav Djalma Stormatic

Boulet Charles ET

Blanco (Lalín - Pontevedra)

La Presentation Aerocerf ET

La Flor (San Roman de Cayon - Cantabria)

Comestar Lheros ET

Casa Celedonio (Salas - Asturias)

Comestar Stormatic ET

Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)

Comestar Stormatic ET

Cavadas (Xermade - Lugo)

Sección 19: Vaca Adulta Lactación de 6 Años o Más

Venturo Morty Letizia ET

Mejor ubre

Ugibsa 2468

Cid Outside Mirta

Outeiro Champion Mindy

Stouder Morty ET

Casa Venturo (Salas - Asturias)

Silky Gibson ET

Blanco (Lalín - Pontevedra)

Comestar Outside ET

Gandeiria Cid (Barreiros - Lugo)

Calbrett-I H H Champion ET

Outeiro (Chantada - Lugo)



Sección 11: Ternera Campeona Internacional "Gandagro '10"

Pozosaa Jasper 9888 Erma	Wilcoxview Jasper ET	Casa Pozo (Lugo - Lugo)
Flora Jasper Alicia	Wilcoxview Jasper ET	Flora (Valdes - Asturias)

Sección 12: Novilla Campeona Internacional "Gandagro '10"

Llera Goldwyn Alanis ET	Braedale Goldwyn	Llera Her (Caviedes - Cantabria)
Capón-Holstein Goldwyn Carol	Braedale Goldwyn	Casa Capón (Chantada - Lugo)

Sección 13: Novilla Gran Campeona Internacional "Gandagro '10"

Gran Campeona	Llera Goldwyn Alanis ET	Braedale Goldwyn	Llera Her (Caviedes - Cantabria)
Reserva Gran Campeona	Pozosaa Jasper 9888 Erma	Wilcoxview Jasper ET	Casa Pozo (Lugo - Lugo)
Mención de honor	Flora Jasper Alicia	Wilcoxview Jasper ET	Flora (Valdes - Asturias)

Sección 24: Vaca Joven Campeona Internacional "Gandagro '10"

Llera Ariel Goldwyn ET	Braedale Goldwyn	Ocejo & Llera Her (Caviedes - Cantabria)
Badiola Goldwyn Megatea	Braedale Goldwyn	Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)

Sección 25: Vaca Intermedia Campeona Internacional "Gandagro '10"

Badiola Goldwyn Shangay	Braedale Goldwyn	Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
Cando Fania September	Pursuit September Storm ET	Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)

Sección 26: Vaca Adulta Campeona Internacional "Gandagro '10"

Pebi Venel 8402	Boulet Charles ET	Blanco (Lalín - Pontevedra)
Venturo Morty Letizia ET	Stouder Morty ET	Casa Venturo (Salas - Asturias)

Sección 27: Vaca Gran Campeona Internacional "Gandagro '10"

Gran Campeona	Pebi Venel 8402	Boulet Charles ET	Blanco (Lalín - Pontevedra)
Reserva Gran Campeona	Badiola Goldwyn Shangay	Braedale Goldwyn	Ganadería Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)
Mención de honor	Cando Fania September	Pursuit September Storm ET	Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)

Sección 29: Mejor Criador Internacional "Gandagro '10"

1º Gan. Diplomada Badiola (Luanco - Asturias)	2º Casa Pozo (Lugo)
---	---------------------



Pebi Venel 8402. Vaca Gran Campeona Internacional GanAgro 2010

Ganderías participantes

Gandería	Localidade	Provincia
Anduriña	Santiago	A Coruña
Casa Nova	Mesía	A Coruña
Gandería San Rian	Brión	A Coruña
Parlero	Valdes	Asturias
Flora	Valdes	Asturias
Porcilo	Tineo	Asturias
Casa Pataro	Salas	Asturias
Casa Venturo	Salas	Asturias
Casa Celedonio	Salas	Asturias
G. Dip. Badiola	Luanco	Asturias
La Argomota	Gijon	Asturias
Agrouvedo	Agueda	Aveiro (Portugal)
La Flor	S. Román de Cayón	Cantabria
La Ponderosa	Pte. S. Miguel	Cantabria
Reto	Escob. de Villafufre	Cantabria
Llera Her	Caviedes	Cantabria
Ocejo	Caviedes	Cantabria
Casa Pernas	Xermade	Lugo
Cavadas	Xermade	Lugo
Portalousa	Xermade	Lugo
Casa Callobro	Trabada	Lugo
Lina	Trabada	Lugo
Cancela	Sarria	Lugo

Gandería	Localidade	Provincia
Ganadería Novelle	Paradela	Lugo
Granja Ulloa	Monterroso	Lugo
Gaigo	Meira	Lugo
Casa Pozo	Lugo	Lugo
Casa Capón	Chantada	Lugo
Outeiro	Chantada	Lugo
Moreira	Chantada	Lugo
Fontestriz	Chantada	Lugo
Sandamil	Castro de Rei	Lugo
Gandeiría Nodi	Barreiros	Lugo
Gandeiría Cid	Barreiros	Lugo
Rey de Miñotelo	A Pastoriza	Lugo
Teixeiro	A Pastoriza	Lugo
Planillo	Cascante	Navarra
Gan. Manteiga	Vila de Cruces	Pontevedra
Luis Louzao Fdez.	Silleda	Pontevedra
Gandeiría Berdon	Lalín	Pontevedra
Blanco	Lalín	Pontevedra
J. L. Meijome Fdez.	Lalín	Pontevedra
O Pazo	Lalín	Pontevedra
Ganadería Argelina	Forcarei	Pontevedra
Granja Pereira	Forcarei	Pontevedra
Marpavic	Sta. Cª de La Polvosa	Zamora

Sorteos

Entre as ganderías participantes no Concurso, **sorteáronse dous lotes de 2 embrións**, provintes do Programa que Consellería do Medio Rural e Fefriga, desenvolven na Finca de Bos.

No sorteo, a **Gandería La Argomota de Gijón**-Asturias e **Cavadas de Xermade**-Lugo, foron agraciadas con cadanseu lote de 2 embrións de **Bos Mandel RIGUEIRA 2EX** por **England-Ammon MILLION ET**.

Xunto a nosa noraboa, desexámoslles moitos éxitos coa extraordinaria xenética que levaron ás súas explotacións.





XXVI Concurso de Xóvenes Manexadores “Memorial Luis Louzao”

A tarde do venres 5 de marzo os concursos de Gandagro deixaron paso ás novas xeracións, desexosos de amosar as súas habilidades como manexadores. Chegaba o XXVI Concurso de Xóvenes Manexadores “Memorial Luis Louzao”, organizado por FEFRIGA, Semana Verde e co patrocinio de MAPFRE AGROPECUARIA.

Participaron 25 rapaces de entre 2 e 25 anos, de Galicia, Asturias e Cantabria. O concurso dividiuse en dúas categorías, Infantil (ata 14 anos), con tres seccións, e Júnior (de 14 a 25 anos), con dúas seccións. O xuíz dos concursos de Gandagro, o canadense Kenneth Empey, foi tamén encagado de xulgar este Memorial; desfrutou das evolucións na pista dos máis pequenos e púxollo difícil

aos competidores da categoría junior, solicitándolles numerosos cambios de colocación para ver a súa pericia.

Cristina Carro Iglesias, da SAT Casa Nova de Mesía (A Coruña) foi elixida a mellor manexadora infantil, mentres que en segundo lugar quedou outra coruñesa, Marta Piñón Aneiros, da gandería Vilarmor de Ortigueira.

O campión en junior foi Germán Fernández, da SAT Ceceño de Valdaliga (Cantabria). O subchampionato foi para Iván Ferreiros Señor, da Casa Grande da Pastoriza (Lugo). Felicidades a estes campións e moitas grazas a tódolos participantes polo empeño que puxeron no concurso, e que é o mellor homenaxe que se lle pode facer a Luis Louzao e á súa familia.

Categoría infantil

Sección 1 (ata 9 anos)

1º	Xoan Manuel Dono López	Gand. Dono	Frades – A Coruña
2º	Fátima Míguez Miguens	Gand. Argelina	Forcarei - Pontevedra
3º	Naím Rodríguez Suárez	Gand. Louzao	Silleda - Pontevedra

Sección 2 (de 9 a 11 anos ambos inclusive)

1º	Cristina Carro Iglesias	Casa Nova	Mesía – A Coruña
2º	Juan Jose Carro Mareque	Casa Nova	Mesía – A Coruña
3º	Avelino Souto Rozados	Gand. Midón	Lalín - Pontevedra

Sección 3 (de 12 a 14 anos ambos inclusive)

1º	Marta Piñón Aneiros	Gand. Vilarmor	Ortigueira – A Coruña
2º	Cristina González Abeledo	Gand. O Pazo	Lalín – Pontevedra
3º	María Manteiga Rodríguez	Gand. Manteiga	Vila de Cruces - Pontevedra

Sección 4 Campionato Infantil

Campiona Cristina Carro Iglesias

Subcampiona Marta Piñón Aneiros



Categoría Junior

Sección 5 (de 15 a 17 anos ambos inclusive)

1º	Germán Fernández Muñoz	Ceceño	Valdaliga - Cantabria
2º	Alberto Llera Bada	Llera Her	Valdaliga - Cantabria
3º	Águeda Capón Fernández	Casa Capón	Chantada - Lugo

Sección 6 (de 18 a 25 anos ambos inclusive)

1º	Iván Ferreiros Señor	Casa Grande	A Pastoriza - Lugo
2º	Jose Alberto Iglesia Vila	Rei de Miñotelo	A Pastoriza - Lugo
3º	Alba Álvarez Núñez	Gandería Silvela	Vegadeo – Asturias

Sección 7 Campionato Junior

Campión Germán Fernández Muñoz

Subcampión Iván Ferreiros Señor





III Concurso de preparadores GandAgro 2010

O 4 de marzo Gandagro abría as súas portas e as actividades da raza frisona daban comezo coa celebración do terceiro concurso de Xóvenes preparadores, organizado polo Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia en colaboración con Fefriga e Semana Verde, e patrocinado un ano máis por Danone. Participaron 12 mozos de entre 14 e 26 anos chegados de toda Galicia, pero tamén de Asturias, Cantabria e mesmo de Portugal. Os participantes tiveron dúas horas para pelar e preparar os seus animais, que debían chegar ao concurso limpos, domados e sen ningunha rexión do seu corpo pelada,

a excepción da cabeza. Durante este tempo os animais recibiron unha auténtica e complexa sesión de perruquería, coa que se busca resaltar aquelas características máis valoradas na morfoloxía dunha vaca frisona, para despois destacar estas virtudes na pista do concurso. A continuación someteron o resultado do seu traballo á valoración de Kenneth Empey, xuíz internacional da Asociación Holstein do Canadá, quen estivo presente durante todo o concurso e asesorou aos rapaces sobre como deixar máis guapos aos seus animais.

Noraboa aos gañadores e a tódolos participantes!

"GandAgro 2010"

Posic.	Participante	Idade	Procedencia	Gandería
1º	Iván Ferreiros Señor	20	A Pastoriza (Lugo)	Casa Grande
2º	Iván López López	26	Paradela (Lugo)	Casa Novelle
3º	Miguel Expósito Rodríguez	19	Ampuero (Cantabria)	La Rinconada
4º	Pedro Morais	23	Portugal	Agrouvedo
5º	Manuel Peteira Fernández	23	Castro de Rei (Lugo)	Peteira
6º	Germán Fernández Muñoz	17	Valdaliga (Cantabria)	Ceceño
7º	Jose Alberto Iglesia Vila	18	A Pastoriza (Lugo)	Rei de Miñotelo
8º	Alberto Llera Bada	17	Valdaliga (Cantabria)	Ganadería Llera Her
9º	Alba Álvarez Núñez	22	Vegadeo (Asturias)	Casa Silvela
10º	Rocio Manteiga Rodríguez	16	Vila de Cruces (Pontevedra)	Gandería Manteiga
11º	María Manteiga Rodríguez	14	Vila de Cruces (Pontevedra)	Gandería Manteiga
12º	Águeda Capón Fernández	16	Chantada (Lugo)	Casa Capón





Kenneth Empey

Xuíz Internacional da Asociación Holstein do Canadá

por Manuel Cruz

Os gandeiros que se achegaron ata Gandagro tiveron a a oportunidade de ver en acción ao canadense Kenneth Empey, xuíz internacional da Asociación Holstein do Canadá e un dos máis prestixiosos do mundo. Foi o xuíz do XIX Concurso Autonómico da raza frisona "Fefriga 2010" e do XXX Concurso Internacional "Open Gandagro".

Kenneth R. Empey naceu en 1955 en London (Ontario) e desde novo comezou a traballar no negocio familiar de compra e venda de gando, profesión que segue exercendo na actualidade. Foi neste traballo donde comezou a súa paixón pola raza holstein, unha paixón que o levou a ser criador e co-propietario dalgunhas das campioas máis recordadas do Canadá e os Estados Unidos, como as familias Brooker Mandy e Delilah. Como criador chegou a ter catro vacas calificadas EX 97, a máxima calificación que se pode obter nos Estados Unidos, e ata o ano pasado foi o presidente da Asociación Holstein de Ontario.

É xuíz internacional desde 1979, e é un dos poucos que chegaron a xulgar os dous concursos máis prestixiosos do mundo, o Royal Winter Fair de Toronto, en Canadá, e o World Dairy Expo de Madison, nos Estados Unidos. Esta actividade levouno xa a 25 países, entre eles toda Europa, Xapón, Brasil, Colombia ou Australia. Tivemos a oportunidade de falar con el en GANDAGRO e coñecer un pouco máis a súa visión de cómo está a evolucionar a raza holstein.

¿De donde ven a súa vinculación á gandería de vacún Holstein?

Primeiro de todo teño que dicir que eu non nacín nunha granxa, pero a miña avoa sí tiña unha granxa, e o meu bisavó importaba gando dende Escocia. A finais de 1800 e principios de 1900, el comezou o negocio familiar traendo gando en barco dende Escocia ata Canadá, e cando eu medrei, funme metendo máis e máis no negocio do gando. Logo cheguei a ter as miñas propias explotacións de raza holstein e a traballar cun gando realmente bo, así foi como me metín neste mundo. Hoxe a miña empresa principal, que é a mesma dos últimos trinta anos, segue a ser a compra-venda de gando e embrións.

Daquela ata hoxe ¿Cómo foi a evolución da raza?

O gando holstein hoxe é moito máis anguloso e leiteiro, sobre todo iso, moito máis produtivo que hai trinta anos. As vacas hoxe dan bastante máis leite, e iso débese sobre todo á xenética. O traballo de selección que levamos feito no Canadá permitiunos acadar tamén animais máis funcionais, as vacas son moito máis eficientes coa alimentación, convirten mellor o alimento en leite, moito mellor que as vacas de onte.

¿E como ve a evolución da cabana frisona española?

Estou moi contento co gando que vin hoxe nos concursos. Xa estiven aquí hai seis anos, e penso que o gando español mellorou moito nestes seis anos. Comparado a nivel mundial, co resto do mundo, e son sincero cando digo esto, vos tedes do mellor gando que eu vin en calquera outro país. Os animais que vin na pista son moi competitivos, moi próximos ó que podemos ter no Canadá. Tedes moi bo gando, e se os gandeiros seguen criando e seguen usando o tipo de touros que aquí vin, poderán seguir avanzando cara o tipo correcto da raza.

Nesta estada en Galicia visitou tamén as instalacións da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos ¿Qué lle pareceu o traballo que están a facer alí?

Están a facer un gran traballo. Está moi ben levado, as instalacións están limpísimas, e eles danlle un coidado excelente ao gando. Polo que puiden coñecer vin que están traballando ademais con toda a tecnoloxía emerxente, tecnoloxía que é punteira en calquera parte do mundo, en calquera centro que traballe en transferencia de embrións ou en xenética da raza holstein. Así que tedes que ser felicitados porque tedes unhas instalacións excelentes, que é o que vin en Bos.

En Europa o sector leiteiro está vivindo un tempo de crise, e a moitos gandeiros fícelles difícil seguir apostando pola selección xenética ¿Qué lles podería dicir?

Ben, esta pregunta é facilísima de responder pra min, porque é realmente importante que o gandeiro entenda como está facendo os cartos, e está facendo os cartos coas vacas, así que se non segue ó día coa mellora xenética, cos avances mundiais, cos avances co bo gando de leite, entón a súa explotación e a súa economía sí que sufrirá. Se queres gando máis lonxevo, vacas que dean máis leite e sexan máis eficientes, o único xeito de conseguilo é seguir traballando coa xenética ao día, ou rapidamente quedarás atrás. Na gandería da raza holstein o único camiño que non se pode perder é o da calidade dos touros, tes que seguir usando bos sementais, bos touros, para que a túa xenética progresese axeitadamente. E non teñas medo, mesmo en tempos duros, e sei por experiencia como é isto, pero é importante seguir engadindo novas familias ao teu rabaño, seguir incorporando nova xenética que che permita estar mellor preparado para o futuro.



Estivemos en GandAgro

Os pasados días 4 a 7 de Marzo celebrouse no Recinto Feiral de Silleda o primeiro Monográfico de Gandería e Agricultura no marco da feira chamada Gandagro 2010.

Como aconteceu en pasadas edicións de Semana Verde, o Clube de Xovenes Gandeiros estivemos alí participando activamente na organización das diversas actividades que se desenvolveron.

Nesta ocasión, o clube xunto coa colaboración de **Fefriga** e **Semana Verde** e o patrocinio de **Danone**, chegamos á terceira edición do noso **Concurso de Preparadores**, que cada ano vai collendo mais sona, e que contou coa participación de **12 rapaces dos cales 8 eran socios do clube, 3 da comunidade de Cantabria e 1 do noso país veciño Portugal**.

O concurso realizouse o xoves 5 pola tarde, e o xuíz encargado foi o canadense **Kenneth Empey** quen destacou o bo traballo que realizaron todos os participantes, digno de profesionais que se dedican a elo no seu día a día, pero como sempre hai que facer colocación e podemos dicir desde estas liñas, que todos os nosos socios fixeron un moi bo traballo, acadando algún deles o podio de honra.

Despois de pasar por cada un dos participantes e explicarlles as virtudes e os defectos dos seus pelados chegou a hora da verdade, e o gañador nesta ocasión resultou **Iván Ferreiros Señor da Casa Grande de A Pastoriza**, a quen o xuíz destacou sobre os outros o traballo preciso, definindo moi ben cada unha das partes do pelado e disimulando a perfección os cambios de pelo, a definición da liña dorsolumbar e o remate da barriga conferíndolle a novilla unha maior unión e fortaleza.

Na tarde do venres celebrouse o **XXVI Concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luis Louzao"** baixo o patrocinio de **Mafre Agropecuaria** no que tamén podemos destacar a alta participación, contando con **25 rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 25 anos de idade do mais adulto ata os 2 anos do máis novo**. Un concurso emocionante tanto pola participación como, en palabras do xuíz, pola profesionalidade que demostraron todos e cada un dos participantes o que lle levou a observar a cada un deles con detenimento e retardar un pouco a súa decisión pola proximidade e perfección no manexo dos animais por parte dos rapaces. Nesta ocasión o título de **Mellor Manexador Junior foi para Germán Fernandez Muñoz de S.A.T. Ceceño de Valdaliga (Cantabria)** e o Subcampionato para o noso socio **Iván Ferreiros Señor da Casa Grande de A Pastoriza** e no caso do campionato de Mellor Manexador Infantil, foi disputado entre dúas rapazas que demostraron un manexo ideal tanto na súa sección como no campionato, e despois duns intres de movementos, cambios de posición e presentación ordenados polo xuíz entre elas dúas, **Cristina Carro Iglesias de S.A.T. Casa Nova de Mesía** acadou o título de Gran Campiona Infantil e **Marta Piñon Aneiros de Gandería Vilarmor de Ortigueira** o Subcampionato da mesma categoría.

Catering á feira; nova iniciativa do CXG

Ademais o clube organizou unha nova iniciativa que poderíamos chamar "**Catering a domicilio ou "á feira"**" neste caso, no que fixeron partícipes aos gandeiros Galegos presentes no concurso. Improvisando unha especie de comedor no recinto, ofrecíase a posibilidade de comer todos xuntos no recinto con comida quente e sen ter que desprazarse do carón das vacas.

Segundo os gandeiros e compañeiros que formaron parte activa nesta iniciativa, foi unha gran idea dado que todos eles estaban encantados de non ter que desprazarse nin preocuparse de nada máis que de sentarse e de comer, e podemos dicir que foi todo un éxito xa que demos **máis de 230 comidas** ao longo de toda a feira, incluíndo no último día á nosa lista de asistentes ao **Xuíz do concurso, directivos de Conafe, de Fefriga, etc...**, disfrutando todos xuntos a pé de pista dunha clausura do concurso como unha gran familia.

Para rematar, o Clube de Xovenes Gandeiros de Galicia queríamos **agradecer á Fundación Semana Verde**, por darnos un ano mais a oportunidade de poder desenvolver as actividades que desde ahí xa tres anos vimos organizando alí, **aos patrocinadores dos concursos, Danone e Mafre Agropecuaria**; xa que sin o seu apoio seríanos difícil poder levar a cabo ditas actividades, **a Fefriga polo seu continuo apoio, aos gandeiros que desinteresadamente nos ceden os seus animais** depositando toda a confianza en nos para a súa preparación e agradecer tamén **a cada un dos socios** que sen ningún tipo de interese axudaron a levar a cabo todas estas actividades deixando ás veces traballo seu por facer.

Como non tamén nos gustaría mandar un afectuoso **saúdo á familia Louzao** por poder contar un ano máis coa súa presenza durante o concurso

Finalmente desde o clube dicir que **seguiremos apostando pola continuidade de ditas actividades** como punto de reunión e diversión entre todos os xóvenes que apostamos por **seguir vivindo dignamente do traballo que tanto nos apaixona, a nosa gandería**.

Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

se tes o que hai que ter...

ASOCIATE





A UTE de Bos acolle un grupo de expertos en reprodución reunidos por Pfizer

A Unidade de Transferencia Embrionaria (U.T.E.) de Bos, en Guísamo, foi o lugar escollido polo grupo de expertos en reprodución animal reunidos pola empresa Pfizer para celebrar a súa última sesión de traballo. Esta xuntanza, que tivo lugar o 25 e 26 de febreiro, serviu tamén para acoller ao equipo veterinario da UTE de Bos neste grupo de expertos, formado por algúns dos máis reputados técnicos especialistas en reprodución de vacún de leite de toda España.

Este grupo de expertos reúnese varias veces ao ano para celebrar seminarios técnicos nos que debater sobre as últimas novidades en reprodución animal, contrastar datos dos traballos que están a facer e establecer novos temas de estudo para a seguinte reunión. O tema central desta xuntanza foi a presentación dun estudo de I+D+I feito en colaboración coa facultade de Veterinaria de Lugo e a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos. A través da realización de estudos citolóxicos en vacas, o seu obxectivo é establecer a influencia que ten a saúde do útero dos animais no seu rendemento reproductivo ó longo da súa vida. O grupo de dez expertos que se achegou ata Bos aproveitou tamén para visitar as instalacións da Unidade de Transferencia Embrionaria e coñecer máis polo miúdo as actividades que alí están a desenvolver.



Visita de gandeiros da Cooperativa de Xallas

O pasado día 24 de Febreiro un grupo de gandeiros da Cooperativa Xallas, de Santa Comba, realizaron unha visita á U.T.E. de Bos, dentro do programa dun curso de reprodución e inseminación artificial que están a desenvolver. Durante a visita a Bos tiveron ocasión de coñecer as vacas doantes de embrións, e a recría. Tamén recibiron explicacións sobre a técnica da transferencia embrionaria, e sobre a dinámica de funcionamento de todos os programas e servizos que se están a prestar desde Bos, nas propias ganderías.



Visita de Kenneth Empey

Aproveitando a viaxe de Kenneth Empey co motivo do xulgamento do concurso celebrado durante a feira GandAgro en Silleda, o xuíz visitou a U.T.E. de Bos, onde coñeceu as vacas doantes de embrións e os programas desenvolvidos nas ganderías. Foi unha visita especialmente enriquecedora xa que este experto en xenética e morfoloxía coñece ben de preto moitísimas vacas das familias das nosas doantes, e aportou interesante información sobre moitos destes animais. Tras a visita fixo unha valoración moi positiva de todo o que lle amosamos e animounos a seguir traballando na mesma dirección.

Laboratorio Concheiro

análisis medioambientales

- Determinación de potabilidade (traídas, pozos)
- Aptitud de augas para el baño (piscinas, ríos)
- Aguas residuales
- Lodos de depuración
- Análisis de suelos (fertilidad)
- Toma directa de muestras
- Asesoramiento al cliente en la obtención de muestras
- Asesoramiento para la interpretación de resultados

Laboratorio acreditado por ENAC conforme a la norma ISO 9001:2000
Incluido en el registro de Augas de Galicia (Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible)

Horario de atención al cliente

Lunes a viernes: de 10.00 a 14.00 horas
tarde: 17.30 a 19.00

Sábados: de 10.00 a 14.00 horas

Laboratorio Concheiro

C/Alfonso Senra, nº 81 • 15680 Ordes-A Coruña • Tel./Fax: 981 682 131

Bos Shottle Selena, nº1 de Europa nas primeiras probas xenómicas en animais da U.T.E. de Bos

Á espera de poder contar en Galicia coa técnica de análise xenómica para as femias, e a súa expresión en índice nacional (ICO), Fefriga fixo unha primeira valoración de animais enviando as mostras aos Estados Unidos e obtendo a valoración nos índices americano e canadiano, tal coma se os animais nacesen alí.

Dado o alto nivel de selección aplicado ano tras ano na incorporación de xenética ao programa galego, eramos conscientes de que os animais cos que estamos a traballar pertencen á élite a nivel mundial, e a análise do seu xenoma así o confirmou. Concretamente a análise xenómica ven de colocar a unha xovenca da U.T.E de Bos no primeiro posto do ranking de xovencas de toda Europa, ordeadas polo Índice Global Americano GTPI (*Genomic Total Performance Index*), cun valor de GTPI= 2.465, moi por riba da xovenca holandesa que ostentaba o título ata agora. O TPI é un índice calculado en base á información dispoñible dos animais e os seus parentes, acerca dos caracteres productivos e morfolóxico-funcionais de importancia económica. A xata de nome **Bos Shottle Selena ET**, é tamén a primeira da lista europea polo índice de Mérito Neto (NM) cun valor de **853 puntos** (os mesmos que a actual nº 1), que é o índice americano que valora os animais en función da súa rendibilidade económica.

Pese a que foron moi poucos os animais da UTE dos que se enviaron mostras, según as primeiras avaliacións remitidas polo laboratorio, **4 destas xovencas obtiveron un valor de GTPI que as coloca entre as 25 mellores de Europa** dacordo cos valores da lista publicada na actualidade, a cal pode consultarse na

paxina web da entidade que xestiona as análises e o ranking, www.eurogenes.com, e que aparecerán na actualización do mes de Abril.

A segunda xata de Bos na valoración xenómica do GTPI, **Bos Shottle Secret ET RC** é unha irmá completa de Selena, e según os datos dispoñibles hoxe, **ostentaría o posto nº 5 do ranking europeo**. Secret ten a particularidade de posuír **Factor Vermello (RC)**, e segundo *Eurogenes* probablemente sexa a **xata portadora deste carácter con maior GTPI en todo o mundo**. Ambas proceden dunha familia de vacas de Canadá e foron incorporadas mediante a importación de embrións deste país ao **Programa Galego de Mellora Xenética**.

Aínda máis importante que os primeiros postos resulta o feito de que os índices acadados polo grupo de animais analizados no seu conxunto, ofrecen datos moi bos, do nivel das mellores vacas do mundo das que se segue a importar embrións. No sistema canadiano, –datos publicados xa na web do CDN (Canadian Dairy Network)– os resultados son tamén extraordinarios, atopándose **Selena no nº 6 do LPI de novillas**, seguida moi de preto por outros animais de Bos. Hai que ter en conta que o número de animais avaliados de Canadá e moito maior que o de Europa, co cal esta comparación ten se cabe aínda máis valor.

Ademais de dar dunha información importantísima para traballar con estes animais, o feito de establecer esta comparación a nivel mundial aporta novas posibilidades de traballo, revalorizando o nivel xenético acadado no Programa Galego de Mellora, xa no punto de mira do resto de programas do mundo.



BOS SHOTTLE SELENA ET. GTPI 2.465. Novilla Nº1 de Europa

36 ESCUELA NACIONAL DE JUECES GANADEROS

GALICIA

29 al 31 de julio de 2010

ORGANIZA:
Confederación de Asociaciones de Frisona Española (CONAFE)
con la colaboración de la Federación Frisona Galega (FEFRIGA)



axenda 2010

25-28 DE MARZO	XII CONC. NACIONAL DE PRIMAVERA CONAFE '10 (TORRELAVEGA-CANTABRIA)
10 DE ABRIL	XII POXA DE XOVENCAS DE SANTA COMBA '10 (A CORUÑA);
10-11 DE ABRIL	XIX CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '10 (LUGO);
1 DE MAIO	XIV SUBHASTA TOP-BOS (GUÍSAMO-A CORUÑA); ENTREGA DE PRACAS E RECOÑECIMENTOS ÁS MELLORES EXPLOTACIÓNS IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE OURO FEFRIGA '10
8-9 DE MAIO	III CONCURSO DE CRIADORES SARRIA '10 (LUGO);
5 DE XUÑO	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (LUGO)
5-9 DE XULLO	5ª ESCUELA NACIONAL DE PREPARADORES CONAFE '10 (ESCUELA LUCES - ASTURIAS)
29-31 DE XULLO	36 ESCUELA NACIONAL DE JUECES GANADEROS (GALICIA)
16-19 DE SETEMBRO	XXXI CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '10 X CONCURSO NACIONAL DE MANEJADORES SUBASTA NACIONAL CONAFE '10
16-17 DE OUTUBRO	XIX CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '10 (LUGO);
6 DE NOVEMBRO	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (LUGO);
21 DE NOVEMBRO	IV POXA DE XOVENCAS DE MAZARICOS (A CORUÑA)

Pataca de Galicia

O Corazón da terra

O corazón da cociña gallega é froito das condicións particulares das nosas terras. A selección e o control en cada paso do proceso de produción certifican a calidade, amparada baixo a **Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia**, para que chegue a ti con todas as garantías.



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO
2010

NUDESA

NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



Alimentando **BOS**

www.nudesa.com • Tel. 986 581 200